


# A xoia oculta da *Ribeira Sacra*



S. ta. M. â de  
Xunqueira d'Espadanedo



O mosteiro cisterciense de Santa María de Xunqueira de Espadanedo podería ter a súa orixe nun cenobio altomedieval que se consolidará coma bieito, baixo a advocación de San Xián, na plena Idade Media. A fins do século XII, e da man do veciño Montederramo, Xunqueira afiliarase ó Cister.

De época medieval conserva igrexa de planta basilical con tres naces rematadas en ábsidas semicirculares. No templo destacan: altar pétreo, pila bautismal e unha interesante colección de capiteis historiados.

**Na Idade Moderna (S. XVI-XVIII) reedifícase o Claustro Medieval e posteriormente Hospedería e Portería. A fachada da igrexa e a torre reconstrúense entre 1801 e 1802.**

As cabeceiras das ábsidas medievais vístense con retablos Modernos que se explican na Contrarreforma. O programa iconográfico do templo xira ó redor de dous temas fundamentais: a figura de María (Retablos Manieristas) e a exaltación do monacato occidental representado por S. Bieito de Nursia e San Bernardo de Claraval (retablos Barrocos).



# AD MIRA ME!

XUNQUEIRA  
*d'*Espadanedo

Coruña  
Lugo  
Santiago  
Vigo  
Madrid



## TURISMO & CULTURA



RESTAURANTE  
ESPECIALIZADO



RESTAURANTE



CAFÉ-BAR



HOTEL  
RURAL



PENSIÓN



ESTUDIO  
PINTURA



INFORMACIÓN



MOSTEIRO



LIBRERÍA



MUSEO  
OLERIA



OLERIA



DIRECCIONES  
OLERIA



CONCELLO

2






5



1. CLAUSTRO  
REGULAR (XVI-XVII)
2. IGREXA (XIII)
3. ALTAR PÉTREO  
(XIII)
4. XACENTE (XVI)
5. RETABLO MAIOR  
(XVII)
6. RETABLOS  
BARROCOS (XVIII)
7. RETABLOS  
MANIERISTAS (XVII)
8. PILA PÉTREA (XIII)
9. SACRISTÍA (XVII)
10. CORO ALTO
11. DEPENDENCIAS DO  
ABADAE
12. HOSPEDERÍA (XVII)
13. PORTERÍA (XVII)
14. FACHADA  
MOSTEIRO (XVII-  
XVIII)
15. FACHADA  
NEOCLÁSICA IGREXA  
(XIX)
16. PORTA NORTE  
(XIII)
17. CABECEIRA  
ROMÁNICA (XIII) E  
RESTOS DA CHIROLA.  
(XVII)

15





# MOSTEIRO

## CISTERCIENSE (XII-XIX)

Existe un lugar na Ribeira Sacra onde as pedras contan historias, o sol marca o paso do tempo nos muros dun claustro toscano e, una Virxe manierista, a modo de deusa exipeia, da a leite do seu peito ó místico San Bernardo.

Hai un lugar na Ribeira Sacra con neveiras xigantes, antigos muíños de auga e modernos muíños de vento, con auditorios gregorianos ou catedrais do silencio, e un balcón natural, de máis de mil metros sobre o Canón do Sil.

En pleno corazón da Ribeira Sacra se oculta un capitel exclusivo, os "tesouros" dos "mouros" e o segredo da alquimia: terra, aire, auga e lume transfórmanse en arte, grazas o saber ancestral do cacharrero, demiúrgo que coas súas mans, libera a alma da materia. E ese lugar ten un nome milenario:

# XUNQUEIRA d'Espadanedo



CONCELLO DE

XUNQUEIRA DE ESPADANEDO

Plaza dos Amigos s/n  
Teléfono: 988 291 001